

1 A crise do Antigo Réxime

Doc. 1. A barreira contra as ideas revolucionarias

«Prohibo a introdución e curso nestes os meus Reinos e Señoríos de calquera papel sedicioso, e contrario á fidelidade e á tranquilidade pública, e ao ben e á fidelidade dos meus vasalos; e na súa consecuencia mando, que calquera persoa que tivese, ou a cuxas mans chegase, carta ou papel impreso ou manuscrito desta especie, llelos presente á respectiva Xustiza, dicindo e nomeando o suxeito que se lle entregase ou dirixise, se o soubese ou coñecese; pena de que se non o fai así, e se xustifica ter, comunicar ou expender tales cartas ou papeis, será, o que se verificase cometer estes excesos, procesado e castigado polo crime de infidencia; as xustizas deberán así remitir ao meu Consello os papeis que se lles presentasen, denunciásen ou aprehendesen; procedendo neste asunto sen disimulo, e coa actividade e vixilancia que require a súa gravidade, e en que tanto interesa o ben e o sosego dos meus amados vasalos; e fago responsables as mesmas xustizas das resultas que houbese pola súa omisión ou neglixencia».

«Orden de Carlos IV, 1791», en *Novísima Recopilación*, L. VIII, tít. XVIII, lei XI (trad.).

Os esforzos modernizadores e rexeneracionistas dos ilustrados abarcaron todos os aspectos da vida española, pero os seus resultados tiveron moi pouco éxito. O reformismo ilustrado entrou en crise a finais de século, en medio das críticas de gran parte dos antigos estamentos privilexiados e da indiferenza popular. Os reformistas non solucionaron a miseria dunha gran parte da sociedade, nin o atraso da ciencia e da técnica, nin cambiaron o sistema de propiedade da terra. Ao final impúxose a desconfianza cara aos cambios, a pesar de que nunca pasaron de ser limitados.

1.1. O impacto da Revolución Francesa

Carlos IV sucedeu no trono o seu pai, Carlos III, en 1788. Un ano máis tarde produciuse o estalido da Revolución Francesa (1789), que xerou unha crise do modelo de goberno e provocou o pánico en toda Europa.

En España, os primeiros conselleiros (chamados secretarios reais) de Carlos IV eran ilustrados, polo tanto, simpatizaban coas ideas revolucionarias de rematar coa sociedade estamental e cos privilexios do clero e da nobreza; no entanto, non cuestionaban de ningún xeito o carácter absolutista da monarquía, é dicir, o poder do rei sen ningunha limitación. Nese momento, á fronte do seu Goberno estaba un dos máis preclaros ilustrados do final da centuria, o conde de Floridablanca, que freou as tímidas reformas e pechou as fronteiras con Francia para evitar que a propaganda e as ideas revolucionarias penetrasen en España [Doc. 1]. Ante a nova situación, os ilustrados españois dividíronse.

Tras a promulgación da Constitución francesa de 1791, o Goberno español adoptou unha postura máis conciliadora con Francia baixo a dirección do conde de Aranda. Pero tras a proclamación da República, Aranda caeu e foi substituído por Manuel Godoy, persoa de confianza da familia real.

A crise económica do final de século

Mentres tanto, ás dificultades do exterior engadíanse problemas internos. Despois de varias décadas de crecemento económico, os últimos anos do século XVIII foron testemuñas dunha gran crise económica e social. Produciuse un estancamento da produción agraria, que supuxo un incremento nos prezos dos alimentos, unha caída dos salarios reais, unha crise de subsistencias e unha crecente axitación social. Pola súa parte, os propietarios acomodados comezaron tamén a rexeitar o pago dos dereitos señoriais e décimos, e con frecuencia encabezaron as protestas campesiñas. A Facenda Pública viu diminuír os seus ingresos e aumentar a débeda mentres medraban os gastos coas novas guerras que comezaron en 1793. Iso levou a Godoy en 1798 á incautación de bens raíces de obras pías (hospicios, hospitais, etc.), que dependían de fundacións eclesiásticas, e a súa venda para paliar, así, o enorme déficit. Esta foi a primeira desamortización, pero non logrou en absoluto os seus obxectivos.

A crise económica e fiscal era imparabile porque á conxunción desfavorable dos problemas políticos, económicos e sociais descritos, uníronse as guerras nas que España se viu involucrada, a ameaza que sobre as colonias ame-

Cuestións

- 1 Que feitos se intentan silenciar coa Orde de Carlos IV [Doc. 1]?
- 2 Responde estas preguntas tras a lectura do Doc. 2. A que revolución se refire o autor? Cales son as súas inclinacións políticas? Que opinión manifesta cara á Igrexa?

ricanas provocaba a independencia dos Estados Unidos, e a atracción que a Revolución Francesa exercía sobre os sectores máis radicais [Doc. 2]. Todos estes factores cuestionaron o mantemento do Antigo Réxime en España, que entrou en quebra nos anos de cambio de século.

1.2. A guerra da Convención (1793-1795)

A **execución na guillotina de Luis XVI**, en 1793, transformou a desconfianza dos gobernantes españois nunha aberta hostilidade fronte aos sucesos revolucionarios, e **Carlos IV**, igual que fixeron a maioría das monarquías europeas, **declaroulle a guerra á República Francesa**. O conflito entre España e Francia, coñecido como **guerra da Convención**, localizouse nos territorios catalán, navarro e vasco.

O clero español ofreceulle o seu apoio á monarquía, tanto con importantes donativos para soste o exército, coma co entusiasmo co que se predicaba a agresión á República Francesa desde todos os púlpitos. As zonas fronteirizas con Francia, en especial Gipuzkoa, Navarra e Cataluña, enchéronse de emigrados franceses realistas, na súa maior parte clérigos e relixiosos que se negaran a realizar o xuramento civil que lles impoñía a Convención francesa.

O exército español, dirixido polo xeneral Ricardos, obtivo algunhas vitorias e ocupou varias prazas no actual Rosellón francés. España colaborou tamén con tropas aliadas para a toma do porto de Tolón (preto de Marsella). Pero o signo da guerra cambiou en 1794: o exército enviado por Manuel Godoy, primeiro ministro de Carlos IV, foi derrotado e **as tropas republicanas francesas tomaron gran parte da actual provincia de Girona, e zonas fronteirizas de Gipuzkoa e Navarra** (como o val do Baztán). Cidades importantes, como Hondarribia, Donostia-San Sebastián ou Figueres, renderonse aos franceses.

Esta situación **acelerou os intentos de chegar á paz, que se asinou en Basilea (1795)**. Este tratado deu **paso a trece anos de acordos entre a Francia revolucionaria e a España absolutista** [Doc. 3]. Durante ese período, a monarquía española uniuse a Francia **en diferentes alianzas para loitar contra Portugal e Gran Bretaña**, principais inimigos dos franceses. Nestas guerras, **a armada española sufriu reveses importantes**, como na batalla de San Vicente (1797) e, sobre todo, na **batalla de Trafalgar (1805)**.

Doc. 3. Tratados entre España e Francia (1795-1807)

Ano	Tratado	Consecuencia
1795	Paz de Basilea	Final da guerra contra a República Francesa.
1796	Tratado de San Ildefonso	Guerra contra Gran Bretaña.
1801	Acordo de Aranjuez	Guerra contra Portugal (guerra das Laranxas), que rematou coa Paz de Badajoz, tras lograr o compromiso de Portugal de pecharlles os portos aos barcos británicos.
1802	Tratado de neutralidade	Guerra contra Gran Bretaña (batalla de Trafalgar, 1805).
1807	Tratado de Fontainebleau	Acordo de repartición da coroa portuguesa. Este tratado permitiu a chegada masiva de tropas francesas que, en teoría, se dirixían a Portugal, pero que rematou sendo o inicio da guerra da Independencia (1808-1814).

Doc. 2. Defensa da liberdade

Marchena, escritor que admiraba a Revolución Francesa, foi un defensor das ideas revolucionarias en España. Isto queda reflectido nalgúns dos seus escritos:

«Esta revolución sublime que proclamou solemnemente os dereitos eternos da humanidade, derrubou do seu trono de ouro a superstición e a tiranía para colocar sobre el a igualdade e a razón, non limitará as súas benéficas influencias ao estreito recinto da nación francesa (...).

Se a relixión de Xesús é o sistema da paz e da caridade universal, quen son os verdadeiros cristiáns?, nosoutros que socorremos a todos os homes, que os miramos como os nosos irmáns, ou vós que perseguídes, que prendedes, que matades a todos os que non adoptan as vosas ideas? (...).

E as cavernas espantosas da Inquisición ábreanse para sumir o malfadado que incorreu na indignación dos frades e dos hipócritas. A España está a dez mil leguas da Europa (...).

Un só medio vos queda, Españóis, para destruírdes o despotismo relixioso; este é que convoquedes as vosas Cortes. Non perdades un momento, sexa Cortes, Cortes, ou clamor universal.

Que época se vos pode ofrecer máis favorable? O lume eléctrico da liberdade difundido desde un extremo a outro da Europa, inflama nunha santa indignación contra os opresores a todas as vítimas da tiranía».

José Marchena: *A la nación española*, contra 1793 (trad.).

Cuestións

3 Busca información e sinala a diferenza que hai entre unha monarquía absoluta e unha monarquía constitucional.

2 Guerra da Independencia. Cortes de Cádiz



Xosé I Bonaparte (Corti, Córsega, 1768-Florenzia, 1844) foi rei de España despois da abdicación en Bayonne de Carlos IV e de Fernando VII (1808-1813). Trasládouse a Madrid e gobernou axudado polos políticos españois chamados «afrancesados» pola súa colaboración co proxecto napoleónico para España. O seu goberno sostívose pola presenza do exército francés. Xosé I era ridiculizado polos seus opositores, que o acusaban de bebedor e lle chamaban, sarcasticamente, «Pepe botella».

O motín de Aranjuez. En marzo de 1808, a familia real estaba no seu palacio de Aranjuez. Un grupo de nobres, co apoio de sectores eclesiásticos e co beneplácito de Fernando, príncipe de Asturias, organizou un motín para desbancar do poder a Manuel Godoy, primeiro ministro. «(...) o rei Carlos, vendo as aclamacións e aplausos coas que o seu fillo fora recibido polo pobo (...) e a incapacidade na que el estaba para seguir gobernando, tomou a resolución de resignar a coroa no seu herdeiro, e anunciou e ratificouno así nun balcón do palacio (...). Todos romperon en voces de alegría e aclamando a un tempo a Pai e a Fillo como os fillos desde aquel momento».

2.1. A estratexia de Napoleón e a crise interna


Un dos acordos entre España e Francia foi o **Tratado de Fontainebleau (1807)**, asinado por Godoy e Napoleón, cuxo obxectivo era repartirse Portugal e as súas posesións de ultramar entre os dous Estados. Para levar a cabo a conquista de Portugal, numerosos continxentes de tropas francesas entraron polos Pireneos. Pero, en realidade, Napoleón non pretendía só ocupar Portugal, senón toda a Península Ibérica, co fin de establecer un reino dependente, do que o seu irmán Xosé Bonaparte sería o monarca.

A chegada de tropas francesas a Madrid, Barcelona e outras cidades puxo de manifesto as intencións de Napoleón de ocupar o territorio español. Godoy convenceu a familia real para que se trasladase a Sevilla, co fin de que fuxise, se fose necesario, cara aos territorios españois de América.

O motín de Aranjuez

O plan do primeiro ministro foi considerado ofensivo por unha parte da corte, que consideraba que esta acción constituía, na práctica, unha rendición de Godoy ante as aspiracións de Napoleón. O príncipe de Asturias, Fernando, e os sectores da corte contrarios a Godoy instigaron un motín popular, o motín de Aranjuez, no mes de marzo de 1808, e que se saldou coa ocupación violenta do palacete no que residía Godoy.

Este motín provocou a caída de Godoy e obrigou a Carlos IV a abdicar en favor do príncipe de Asturias, que o 19 de marzo de 1808 asumía o trono co nome de Fernando VII co beneplácito de Napoleón. Estes feitos foron un expoñente da debilidade da monarquía española: pai e fillo disputábanse o poder e recorrían á arbitrase de Napoleón, mentres as tropas francesas ocupaban a Península.



As abdicacións de Bayonne

Ante este panorama, Napoleón acelerou os seus plans para España. Convo- cou a Carlos IV e a Fernando VII na cidade fronteiriza de Bayonne, onde os forzou a abdicar a favor do seu irmán Xosé Bonaparte [Doc. 4]. Tras estas abdicacións, durante os meses seguintes, unha asemblea de notables españois aprobaba nesa cidade unha especie de constitución –Estatuto de Bayonne–, outorgada por Napoleón, proclamando a Xosé I rei lexítimo de España. Posteriormente, reuníronse algúns dos órganos consultivos do Reino, como o Consello Supremo de Castela, que aceptaron o novo rei.

Un grupo de cortesáns de ideas ilustradas ofreceuse para colaborar co novo monarca, Xosé I. Eran ilustrados que viron na nova situación política a oportunidade para sacar o país do baleiro de poder no que se atopaba. Tamén creron que era o momento de levar á práctica moitas das reformas ilustradas e liberais na sociedade española e na súa organización política que non se puidera levar a cabo nas décadas anteriores pola oposición dos sectores conservadores, fundamentalmente a nobreza e o clero. Estes colaboradores de Xosé I recibiron o nome de afrancesados e foron o seu principal apoio durante os cinco anos do seu precario e controvertido reinado (1808-1813).

O 2 de maio: inicio da guerra

A nova situación política non chegou a consolidarse. O 2 de maio de 1808 produciuse un alzamento popular en Madrid [Doc. 5] cando abandonaban a corte, pola orde do emperador, os últimos membros da familia real e da Xunta de Goberno que encabezaba o infante Antonio Pascual. A sublevación estendeuse rapidamente a outras cidades españolas. Os sublevados non aceptaban o novo rei e, ante a ausencia dun poder lexítimo, en todos os territorios e cidades de España se dispuxeron xuntas provinciais de defensa, integradas por persoas procedentes dos municipios ou de institucións diversas que constituíron un poder paralelo ao da nova monarquía. Unha das misións que se propuxeron estas xuntas foi organizar o levantamento militar contra as tropas francesas.

De forma paralela, unha parte do exército español reorganizouse, e moitos oficiais que non puideron alistarse e civís formaron partidas guerrilleiras.

Doc. 5. A revolta de maio en Madrid segundo o bando francés

«Soldados: mal aconsellado, o populacho de Madrid ergueuse e cometeu asasinatos; sei moi ben que os españois que merecen este cualificativo lamentaron [o que pasou] (...). Pero o sangue francés vertido clama vinganza. Daquela, ordeno o que segue:

Art. I. Esta noite o xeneral Gronchy convocará a comisión militar.

Art. II. Todos aqueles que durante a rebelión fosen encarcerados con armas serán arcabuceados.

Art. III. A Xunta de Goberno ordenará desarmar os veciños de Madrid. [Feito isto, os que conserven armas] na casa sen licenza especial serán arcabuceados.

Art. IV. Todo grupo que pase de oito persoas [considerarase] reunión de sediciosos e dispararáselles a tiros de fusil.

Art. V. Toda vila ou lugar no que sexa asasinado un francés será incendiado».

Cuartel xeral, Madrid, 2 de maio de 1808.

Doc. 4. Fernando VII felicita a Napoleón

«Señor: (...) Doulle moi sinceramente (...) a VMI e R [Vosa Maxestade Imperial e Real] os parabéns pola satisfacción de ver instalado o seu querido irmán o rei Xosé no trono de España. É sempre obxecto de todos os nosos desexos a felicidade da xenerosa nación que habita en tan dilatado terreo, non podemos ver á cabeza dela un monarca máis digno nin máis propio polas súas virtudes para asegurarlle, nin deixar de participar ao mesmo tempo o gran consolo que nos dá esta circunstancia».

Fernando. Valençay, 22 de xuño de 1808.

Cuestións

4 Explica en que consistiu o motín de Aranjuez, as súas causas e que puxo de manifesto a familia real española.

5 Elabora un eixe cronolóxico cos feitos máis destacados que se produciron en España entre 1789 e 1808.

6 Producírase xa o alzamento popular de Madrid cando Fernando VII escribe a carta que reflicte o Doc. 4? Cal é a actitude do monarca que se desprende deste documento?

7 Que estratexia seguiu Napoleón Bonaparte en relación con España?

Cuestións

- 8 Resume os feitos políticos máis relevantes que sucederon en España durante 1808.
- 9 A que se debe a represión francesa que se deduce explicitamente do Doc. 5? Cal é a intención que ten este bando?

Doc. 6. A guerrilla en Galicia

O 3 de xaneiro de 1809 entrou o exército francés en Galicia e ocupou o territorio en menos dun mes. Pero a súa presenza foi curta, xa que ese mesmo ano foron expulsados polos galegos coa axuda dos ingleses. En Galicia tamén se acudiu á loita de guerrillas e á mobilización popular para facerlle fronte ao invasor. As partidas guerrilleiras, dirixidas, organizadas e sostidas por clérigos e fidalgos, levaron adiante múltiples accións de desgaste do exército francés. A principal forma de actuación foron as alarmas: un grupo de guerrilleiros situábase en lugares estratéxicos e, cando se detectaba a presenza dun destacamento francés, dábbase aviso por medio de repiques de campás ou de fachos ardendo. Logo formábase un pequeno exército integrado polos homes de entre 16 e 50 anos que, dirixidos polos experimentados guerrilleiros, atacaban e acosaban os destacamentos e convois franceses. Un dos máis célebres xefes guerrilleiros galegos foi don Bernardo González del Valle, Cachamuiña, que tería un importante protagonismo na reconquista de Vigo.

O 2 de maio é considerado como a data na que o pobo e sectores do exército español se rebelaron contra as tropas francesas que estaban acantoadas nas principais cidades. Na imaxe, Defensa do Parque de Artillería de Monteleón, o dous de maio de 1808, de Manuel Castellano.

que atacaban a retagarda das columnas militares invasoras. **Iniciábase, así, a guerra da Independencia**, que durou ata 1814, ano da derrota do imperio napoleónico en Europa.


Neste conflito foi moi importante a intervención da armada e do exército británicos, xa que naquel momento Reino Unido era a grande inimiga de Francia en Europa.

2.2. O desenvolvemento da guerra

Nunha **primeira fase**, no **verán de 1808**, produciuse unha **vigorosa reacción popular**. Os xenerais franceses, sorprendidos polo levantamento xeneralizado de corpos de exército e de grupos guerrilleiros [Doc. 6], estableceron un plan para acabar coa **resistencia**. Para iso tiveron que someter **ciudades** que se fixeran fortes e que **proclamaran a súa independencia e a súa oposición a Xosé I**, como **Girona, Zaragoza ou Valencia**. En Andalucía, un corpo de exército comandado polo xeneral **Castaños venceu as tropas francesas xunto á cidade de Bailén (xullo de 1808)**, o que obrigou a Xosé I a abandonar Madrid.

Desde **finais de 1808 e ata 1812**, a **segunda fase** da guerra supuxo o **control francés do territorio**. **Napoleón** acudiu entón **persoalmente** á Península cun exército de **250000 homes** e venceu as tropas españolas. Así logrou recuperar o control de Madrid (novembro de 1808). Mentres tanto, as partidas de **guerrilleiros** de Castela, Andalucía, Cataluña, Valencia e outros lugares tiñan en xaque as unidades militares e **asestaban golpes continuos** nos transportes de recursos ou nas gornicións que contaban con poucos efectivos. Durante tres anos, o exército francés sufriu unha terrible **guerra de desgaste** fronte á guerrilla, na que destacaron figuras como Espoz e Mina, o cura Merino ou o Empecinado. **As tropas napoleónicas conseguiron controlar as principais cidades, excepto Cádiz**, aínda que non logrou impoñerse na maior parte das zonas rurais.





A **terceira fase** e final da guerra veu marcada por unha **importante ofensiva británica**. En 1812, un exército británico, dirixido polo xeneral Wellington, desembarcou en Portugal e iniciou unha longa guerra contra as tropas francesas, ás que venceu en **Arapiles** (preto de Salamanca). Perseguiu as unidades que protexían a fuxida de Xosé I cara a Francia e derrotounas, en 1813, en **Vitoria-Gasteiz** e en **San Marcial** (xunto a Donostia-San Sebastián), a finais deste ano rematouse a guerra coa **sinatura do Tratado de Valençay**. A participación británica na guerra da Independencia foi decisiva para rematar coas poderosas e organizadas unidades do exército napoleónico. As derrotas ante o exército de Wellington e a fustrigación continua das guerrillas na maior parte do territorio remataron coa supremacía militar francesa, que, por outra parte, estaba sendo tamén decimada na fronte rusa e noutros puntos de Europa.

A guerra da Independencia desenvolveuse en todo o territorio, nalgúns casos con batallas entre os exércitos e en moitos outros a través da fustrigación das tropas francesas por guerrillas urbanas e rurais.

2.3. As xuntas e a convocatoria das Cortes de Cádiz

Entre maio e agosto de 1808 formáranse en España, de maneira máis ou menos espontánea, **trece xuntas provinciais de defensa**. O **mes de setembro**, algúns dos seus representantes **constituíron a Xunta Suprema Central Governativa do Reino**, que **asumiu a rexencia** ata a volta de Fernando VII, a quen tiñan por rei lexítimo, e **negouse a recoñecer a Xosé I** Bonaparte, considerado un usurpador.

A **Xunta Central** propúxose como **tarefas prioritarias** fomentar a **creación de novas xuntas**, **dirixir os asuntos públicos**, **combater os franceses** e **redactar unha constitución** para o Reino. Tras a formación da Xunta Central, numerosas institucións (concellos, universidades, bispados, etcétera) cuestionáronse se debían obedecer o novo rei, Xosé I, e as institucións que o aceptaran, ou ben declarar a súa obediencia aos representantes da Xunta Central.

Cuestións

10 Explica en poucas liñas en que consistiu a guerra da Independencia. Por que cres que se coñece por este nome?

Cuestións

11 Que diferenciaba os chamados afrancesados dos resistentes patriotas?

A partir deste momento constituíronse dous bandos: o dos **afrancesados** e o dos **resistentes patriotas**. Estes últimos, á súa vez, **subdividíronse** en dúas faccións: por unha parte, os **liberais**, que pretendían un réxime político baseado nas ideas da Revolución Francesa, pero independente do dominio napoleónico; por outra, os **absolutistas**, que vían simbolizadas en Xosé I as ideas que eles combatían no nome da tradición ou dos seus intereses como integrantes de grupos sociais privilexiados (a nobreza e o clero).

A constitución das Cortes de Cádiz

Mediante un **complicado sistema de elección**, foron **elixidos representantes de trinta e tres cidades importantes** (das diferentes xuntas peninsulares, das colonias americanas e dos territorios non ocupados) a razón **dun delegado por cada 50 000 habitantes**.

O obxectivo destas xuntas era que os representantes elixidos se trasladasen a Cádiz, cidade que non fora conquistada polas tropas francesas, para redactar unha constitución para o Reino. Con este propósito, **en 1810 convocáronse as Cortes Xerais en Cádiz**. Reuníronse **184 deputados de ideoloxías políticas diversas**, aínda que **predominaban** os que defendían as **posicións ilustradas** ou as claramente **liberais** [Doc. 7].

Os traballos para redactar a constitución xa **comezaran antes** da formación das Cortes coa creación de diferentes **comisións** (Instrución Pública, Lexislación, Facenda, Materias Eclesiásticas, etc.), que recibiron instrucións directas do político ilustrado **Gaspar Melchor de Jovellanos**, destacado membro da Comisión de Cortes da Xunta Central.

O traballo destas comisións **baseouse nunha «consulta ao país»**, unha especie de enquisa á que responderon moitas persoas e institucións.

2.4. A obra das Cortes de Cádiz: a Constitución

As **Cortes de Cádiz promulgaron** unha serie de **decretos que abolían os fundamentos do Antigo Réxime**:

- Decretouse a **liberdade de imprenta**, que suprimía a censura para os escritos públicos, pero non para os relixiosos (1810).
- Foron **abolidos os señoríos xurisdiccionais**, aos que estaban sometidos máis da metade dos españois, desaparecendo, así, os conceptos de señor e vasalo (1811).
- Foron **suprimidos os gremios**, que impedían a innovación e a libre iniciativa económica, abrindo paso a relacións económicas capitalistas (1813).
- Decretouse a **incautación e venda en pública subhasta das terras comunais dos municipios, das ordes militares e dos xesuítas** (1813) como medida desamortizadora.
- Foron **derrogados os privilexios da Mesta** (1813), recoñecendo o dereito dos pobos a acoutar as súas terras comunais e o dos veciños sobre as súas propiedades.
- Foi **abolida a Inquisición (1813)**, que impedía o normal desenvolvemento da liberdade de pensamento e da ciencia.

Doc. 7. Galicia nas Cortes de Cádiz

A maioría dos deputados galegos en Cádiz caracterizábanse socioloxicamente pola súa condición de clérigos e fidalgos, e politicamente por amosarse favorables ao absolutismo. Dos 24 presentes en 1810, seis pertencían ao clero e dezaseis á fidalguía, mentres que só había un comerciante e un enxeñeiro, e respondían ao seguinte perfil ideolóxico: doce a prol do absolutismo, once cunha posición liberal moi moderada e só un inscribible no liberalismo radical. Nas Cortes de 1813, a representación galega, nadoa dunhas eleccións fraudulentas, quedou reducida a 16 deputados. Deles, dez pertencían ao clero e catroce fixeron gala dunha toma de posición radicalmente favorable ao absolutismo.

O 19 de marzo de 1812, tras case dous anos de traballo, **aproboouse a Constitución** [Doc. 8]. Os seus **384 artigos** regulaban con detalle todas as cuestións relacionadas coa vida política e cos dereitos dos cidadáns. Proclamaba a **soberanía nacional**, a **monarquía constitucional** e a función lexisladora quedaba nas mans das Cortes, cunha soa cámara, elixida por sufraxio universal masculino mediante un complicado sistema indirecto. Para ser deputado requiríase, no entanto, ser propietario. Definía **España como Estado unitario e recoñecía os dereitos e liberdades políticas a todos os cidadáns**. Os deputados representaban a nación, dividida en provincias e municipios. Fixábase un **estado centralizado política e administrativamente**; dispoñíase unha **fiscalidade común**, un **exército –milicia nacional– formado polos cidadáns**. Establecía a **educación primaria** en todos os pobos e declaraba o **Estado confesional**, recoñecendo unicamente o exercicio da relixión católica.

Doc. 8. A Constitución de 1812

«Art. 1º. A Nación española é a reunión de todos os españois dos dous hemisferios.

Art. 2º. A Nación española é libre e independente, e non é nin pode ser patrimonio de ningunha familia nin persoa.

Art. 3º. A soberanía reside esencialmente na Nación, e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais.

Art. 4º. A Nación está obrigada a conservar e protexer por leis sabias e xustas a liberdade civil, a propiedade e os demais dereitos lexítimos de todos os individuos que a compoñen.

(...)

Art. 8º. Tamén está obrigado todo español, sen distinción ningunha, a contribuír en proporción dos seus haberes para os gastos do Estado.

(...)

Art. 12. A relixión da Nación española é e será perpetuamente a católica, apostólica, romana, única verdadeira. A Nación protéxela por leis sabias e xustas, e prohibe o exercicio de calquera outra.

(...)

Art. 14. O Goberno da Nación española é unha Monarquía moderada hereditaria.

Art. 15. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art. 16. A potestade de facer executar as leis reside no Rei.

Art. 17. A potestade de aplicar as leis nas causas civís e criminais reside nos Tribunais establecidos pola lei.

(...)

Art. 248. Nos negocios comúns, civís e criminais non haberá máis ca un só foro para toda clase de persoas.

(...)

Art. 362. Haberá en cada provincia corpos de milicias nacionais, compostos de habitantes de cada unha delas, con proporción á súa poboación e ás súas circunstancias.

(...)

Art. 371. Todos os españois teñen liberdade de escribir, imprimir e publicar as súas ideas políticas sen ningunha necesidade de licenza, revisión ou aprobación anterior á publicación, baixo as restricións e responsabilidade que establezan as leis».



Baralla da Constitución de 1812, creada por Simón Ardid e Quer.

Cuestións

12 Por que se afirma que coa Constitución de Cádiz de 1812 se deu o primeiro paso da revolución liberal en España?

3 ○ retorno dos Borbóns: Fernando VII



Fernando VII (El Escorial, Madrid, 1784-Madrid, 1833), ao restablecer o absolutismo, respondía ás aspiracións das clases e dos grupos reaccionarios, para os que a revolución liberal facía perder a súa hexemonía política e social.

3.1. A restauración absolutista (1814-1820)

Cando, en 1814, Napoleón foi derrotado en Europa, Fernando VII regresou a España (marzo de 1814). Tanto os liberais coma os absolutistas esperaban con impaciencia o retorno do monarca, coñecido como «o Desexado». Un grupo de sesenta e nove deputados das Cortes de Cádiz de ideoloxía absolutista entregáronlle ao Rei un documento no que solicitaban a restauración da monarquía absoluta e a derogación da Constitución de 1812. Este documento coñécese co nome de **Manifesto dos Persas**, porque incluía unha frase que facía referencia a un suposto costume dese pobo. Dicía así: «Señor, era costume nos antigos persas pasar cinco días en anarquía despois do falecemento do seu rei co fin de que os asasinatos, roubos e outras desgrazas os obrigase a ser máis fieis o seu sucesor (...)».

A derogación da Constitución e o Sexenio Absolutista

O 4 de maio de 1814, Fernando VII aceptou esta proposta dos absolutistas e decretou a **derogación da Constitución** [Doc. 9]. Tratábase da primeira reacción absolutista contra a incipiente revolución liberal. O Rei, rodeado de antiliberais e co apoio do exército, anulou a obra lexislativa das Cortes e promoveu unha dura represión contra os constitucionalistas, polo que moitos deles tiveron que exiliarse. Empezaba, así, o que sería unha constante na historia española dos séculos XIX e XX: a intolerancia e a represión por cuestións ideolóxicas, que provocou neste caso o exilio de 15 000 familias españolas.

Comezaba, así, un período de seis anos nos que ía dominar o sector máis reaccionario da sociedade, coa Igrexa á cabeza. Restableceuse a Inquisición e todos os bispos se opuxeron por escrito á idea dunha tímida amnistía que se propuxo en 1816.

A volta ao absolutismo e ao sistema señorial supuxo a prostración económica e a ruína da Facenda: mentres o goberno estaba nas mans dunha «camarilla» de ineptos amigos persoais do Rei, América independizábase e xa non chegaban as fortunas das Indias. Por outra parte, o desprestixio de España no estranxeiro era tal que non foi admitida no sistema dos tratados internacionais ata 1817. Nestas condicións, tampouco era posible a obtención de créditos exteriores ou investimentos.

Doc. 9. A derogación da Constitución de 1812

«As Cortes, as cales no mesmo día da súa instalación (...) me despoxaron da soberanía (...). Declaro que o meu real ánimo é non soamente non xurar nin acceder á dita Constitución, nin a decreto ningún das Cortes Xerais e Extraordinarias [celebradas en Cádiz] (...). Declaro aquela Constitución e os decretos nulos e de ningún valor e efecto, agora nin en tempo ningún, coma se non pasasen xamais tales actos».

Decreto de Fernando VII, do 4 de maio de 1814.

Cuestións

13 A que períodos do reinado de Fernando VII corresponden os Docs. 9 e 10? Razoa a resposta.

3.2. O Trienio Liberal (1820-1823)

A pesar da persecución que sufriron os liberais, entre 1814 e 1819 sucedéronse diversos alzamentos armados, pronunciamentos protagonizados por sectores militares partidarios da Constitución de 1812, que sempre remataron en fracaso (Porlier na Coruña, Lacy en Valencia, Mina en Pamplona...). Pero en 1820 triunfou o encabezado por Rafael del Riego. O 1 de xaneiro de 1820, na vila sevillana de Las Cabezas de San Juan, Riego proclamou a Constitución de 1812. Algunhas cidades, como A Coruña e Barcelona, adheríronse á insurrección. Fernando VII, véndose vencido, pronunciou sen convicción a frase: «Marchemos francamente, e eu o primeiro, polo vieiro constitucional». Iniciábase así o período coñecido como Trienio Liberal ou Trienio Constitucional, que se mantivo de 1820 a 1823 [Doc. 10].


Os tres anos que durou o réxime liberal foron o primeiro ensaio de Goberno constitucional da historia de España. Púxose en práctica unha política moderada e intentáronse levar a cabo os principios que recollía a Constitución de 1812: liberdade de prensa, dereitos individuais (inviolabilidade do domicilio, dereito de defensa ante unha acusación, dereito a voto, etc.).

A Igrexa, defensora do absolutismo nos anos anteriores, foi afastada dos órganos de poder do Estado. Os xesuítas foron expulsados, e as ordes monásticas, disoltas, expropiándose parte das súas posesións territoriais. Proseguíu a venda das propiedades desamortizadas dez anos antes.

Os primeiros grupos políticos

Os liberais escindíronse en dous grupos, moderados e exaltados, que gobernaron España en décadas posteriores:

- Os liberais moderados propoñían chegar a un pacto cos absolutistas e crear un sistema no que, a cambio de restrinxir algúns principios liberais, estes últimos aceptasen as novas regras de xogo: un sistema constitucional.



Doc. 10. O restablecemento da Constitución de 1812

«Españóis: cando os vossos heroicos esforzos lograron poñerlle fin ao cativerio no que me retivo a máis inaudita perfidia, todo canto vin e escoitei (...) persuadíume de que a nación desexaba ver resucitada a súa anterior forma de goberno (...).

Mentres meditaba as variacións do réxime fundamental que parecían máis adaptábles ao carácter nacional e ao estado presente da monarquía, pronunciárase o pobo pola Constitución de Cádiz, e cal tenro pai condescendera [co que os fillos desexaban] (...). Xurei esa Constitución pola cal suspirabades, e serei sempre o seu máis firme apoio (...). Marchemos francamente, e eu o primeiro, polo vieiro constitucional (...).

Manifiesto aos españois do rei Fernando VII, do 10 de marzo de 1820.

As tropas mandadas por Rafael del Riego, que debían partir ás colonias americanas co fin de sufocar os movementos independentistas, protagonizaron o levantamento militar contra o absolutismo de Fernando VII. Na imaxe, Praciña da Cruz Verde de Cádiz (10 de marzo de 1820).



Rafael del Riego (Santa María de Tuñás, Asturias, 1785-Madrid, 1823). Militar español que loitou na guerra da Independencia contra os franceses. En 1820, proclamou, en Las Cabezas de San Juan (Sevilla), a Constitución de Cádiz (1812), iniciándose, así o Trienio Liberal.

– Os **liberais exaltados** (dos que xurdirían os futuros progresistas), convencidos de que os absolutistas nunca aceptarían unha constitución, eran **partidarios de radicalizar as medidas liberais: ampliando o sufraxio universal masculino e reducindo de maneira drástica o poder da Igrexa e de amplos sectores da nobreza**, principais inimigos do liberalismo; creando, así, un **Estado máis centralizado** que garantice a liberdade en todo o país.

Pese a que as medidas dos gobernos constitucionalistas non foron moi radicais, **os absolutistas conspiraron** desde o primeiro momento **coa intención de facer fracasar o réxime**. Chegouse a establecer na **Seu d'Urgell unha Rexencia** que asumía a representación do monarca «preso dos liberais» e pretendía dirixir os ataques e asonadas das «partidas realistas». O propio **Fernando VII apoiou a** axentes que se encargaban **da organización de grupos armados golpistas e enviou emisarios para solicitarlles axuda militar aos gobernos antiliberais de Europa** co fin de rematar co seu propio Goberno e poder derrogar a Constitución que xurara pouco tempo antes.

O golpe de Estado contra o Goberno liberal

Xa en 1822 había zonas en Cataluña, País Vasco, Galicia, Navarra e Valencia nas que algúns nobres e clérigos organizaran partidas militares que aco- saban as tropas constitucionalistas. Estes **grupos absolutistas chegaron a controlar amplas zonas catalás e navarras. Á acción dos golpistas uniuse a intervención das potencias europeas, acordada no Congreso de Verona, que se concretou na entrada dos Cen Mil Fillos de San Luís, un exército formado por 60 000 franceses e uns 35 000 realistas españois**. Este exército cruzou a fronteira e percorreu o país perseguindo o Goberno liberal, que se refuxiara en Cádiz.

A primeira experiencia de goberno constitucional rematou en abril de 1823 debido á intervención deste exército e polas desavinzas entre os propios liberais.

3.3. Década Absolutista (1823-1833)

A partir do golpe de Estado dirixido por Fernando VII, produciuse unha **segunda restauración absolutista**, que durou ata a súa morte, en 1833. A volta do absolutismo trouxo consigo unha **onda de represión e a abolición de todo tipo de liberdades políticas**. Moitos **liberais foron executados**, entre eles Rafael del Riego, e **outros tiveron que exiliarse**.

A Igrexa converteuse de novo no principal aliado de Fernando VII. Xustificou desde os púlpitos a sanguenta represión, e algúns dos seus membros chegaron a denunciar os cidadáns que amosaban algunha inclinación cara ás ideas liberais. Esta represión provocou que miles de españois (militares, profesores, escritores, persoas que ocuparan cargos públicos no Trienio Liberal) tivesen que exiliarse a países europeos, sobre todo a Reino Unido, ou cara ás novas nacións americanas, que, na súa maioría, se independizaran de acordo coas ideas liberais.

Esa década incorporou, non obstante, **algúns cambios** na organización do Estado **e certa modernización** da Administración. Así, instituíuse o **Consello de Ministros** como goberno da Coroa e reorganizouse o sistema da **Facenda Pública**, tomando como modelo o doutros países eu-

Cuestións

14 Cales cres que eran as auténticas ideas e sentimentos do rei Fernando VII? Argumenta a túa hipótese nos feitos históricos e estas fontes.

Doc. 11. Os absolutistas reaccionarios

«O bando “apostólico”, composto dos máis fanáticos do partido absolutista, pouco satisfeito aínda co despotismo de Fernando, acosábo coas súas esaxeracións (...) impoñíalle aínda maior rigor e intolerancia, esixíalle o restablecemento da Inquisición (único punto acaso no que Fernando se creu comprometido cos gabinetes estranxeiros), o peche das Universidades, a supresión das imprentas e, en fin, todo o que significaba unha gráfica expresión estampada en certa exposición da Universidade de Cervera, que dicía textualmente: “Lonxe de nós a perigosa novidade de discorrer”. E non contento o partido furibundo con estas absurdas manifestacións, lanzouse resoltamente á rebelión, proclamando en solemnes manifestos a abdicación do Rei e a chegada ao trono do infante don Carlos, no que tiñan cifradas as súas esperanzas».

Mesonero Romanos: *Memorias de un sesentón* (1803-1882).

Cuestións

15 Sinala o que, segundo o Doc. 11, caracteriza o pensamento máis reaccionario dentro do absolutismo. Xustifica o adxectivo «reaccionario».

16 Que motivacións ideolóxicas moveron o partido absolutista a propoñer a sucesión da monarquía na persoa do infante Carlos, irmán do rei?

ropeos que xa unificaran as contas do Estado e elaboraban, como actualmente, un **presuposto** para cada ano. A **economía** española, despois de case dúas décadas de inestabilidade e guerras (a guerra da Independencia e as da emancipación das colonias americanas), **comezou a desenvolverse**, coas conseguíntes repercusións no terreo social e demográfico.

O **discorrer político** dese período non foi pacífico. Por un lado, permanecía a **resistencia liberal no interior** (a través de sociedades secretas) e **no exterior** (a través da acción internacional de amplos grupos de exiliados). Por outro, **os absolutistas máis reaccionarios** responderon **ante as reformas solicitando máis inmovilismo e represión** [Doc. 11]. **A partir de 1825, os sectores máis reaccionarios do absolutismo esixíanlle a Fernando VII un retorno claro ao réxime señorial**; eran os asinantes dun «**Manifesto dos Realistas Puros**» que viu a luz por entón.

Os «**agraviats**» e «**malcontents**» **cataláns subleváronse e esixiron a volta ao réxime señorial absolutista**. Pola súa parte, os **liberais** seguiron conspirando e preparando **pronunciamentos: os casos de Torrijos e Mariana Pineda**, executados en Málaga e Granada, respectivamente, representaban moi ben a aspiración de liberdade que se expandía nos anos do Romanticismo, coincidindo coa onda de revolucións liberais de 1830 en gran parte de Europa.

3.4. A independencia das colonias americanas

Desde 1808 ata a década de 1820 produciuse o **proceso de emancipación das colonias americanas**. Os movementos independentistas aspiraban a librarse da autoridade dos funcionarios nomeados polo Goberno español, que impedían o ascenso social das **minorías crioulas**. Esixían liberdade económica para relacionarse con outras potencias –especialmente Reino Unido–. Por outra parte, o exemplo de Estados Unidos era moi alentador para os independentistas.

Distínguense **tres períodos**:

– **Primeira fase (1810-1816)**. Concorreu en gran parte coa guerra da Independencia en España. Nela estalaron algunhas insurreccións capitaneadas por personaxes moi populares, como o cura Hidalgo en México, Simón Bolívar en Venezuela e o doutor José Francia en Paraguay.



Simón Bolívar (Caracas, vicerreinado de Nova Granada, 1783-Santa Marta, Colombia, 1830). Político e militar que, con José San Martín, desempeñou un papel transcendental na loita pola independencia das colonias americanas.